

HISTORIA DO ENTROIDO

David Fraga Paredes – 8º A

C.P. Castrillón – Coiro

Este Entroido foi antes da Guerra Española.

O primeiro domingo de Carnaval comíase de comida un galo e fillores e un viño a vender en Parada. Había moitos disfraces e gaiteros tocando. Os mellores gaiteros eran OS CHOSCOS. Total non eran choscas, só era un chosco, o que tocaba a caixa. Eran os mellores de Coiro porque tamén tiñan os mellores instrumentais e a xente corría por ir a velos. Despois, con roupas galegas, chegaban disfrazadas as mulleres con carautas, e ían moi ben adornados con moitos colares, cadeas, ... e ían en parellas: Eles levaban moitos reloxo por enriba dos chaleques. Na cabeza uns sombreiros baixos, e do arredor levaban moitas cintas adornando, brancas, roxas, mareas,... de moitas cores. Aquilo era precioso, moi bonito. Daba gusto velos. Os pantalóns eran brancos, ían de mariñeiros e os chaleques de moitas cores. Elas cunhas faldas de moito vó, pero levaban moitas cores.

Bailaban moi ben a xota e a muiñeira, os valeses, pasodobres. Bueno, nós tanto fixemos que nos lanzamos ao medio a bailar con eles. Pasámolo moi ben. Viñemos para casa, que xa non nos acordabamos das fillores. Chegamos a casa todas en compañía, amigos e amigas, e sacamos un xerro de viño pero do bo. E sobre as nove da noite remataba o entroido porque mozas e mozos tiñamos que recollernos cando as galiñas, á metida do sol.

O seguinte domingo de despois do entroido, o da Corrida do Galo, celebrábase no mesmo lugar onde se celebraba o entroido. Isto era na Igrexa Parroquial, no adro. Amarraban o galo nun varal alto, e despois había 4 ou 6 homes que querían gañar o galo. Poñíanos á distancia de vinte pasos. Levaban na man unha lata cun fío para cortarlle as patas ao galo ou o pescozo,... onde fora. Había que matalo. Contaban vinte pasos e achegábanse a el. Como o galo estaba no alto, tiñan que pegar un salto para poder chegar. O caso era que quen o mataba primeiro levábo. Isto remataba ás seis da tarde e despois poñían gaiteros para bailar a xente. Así remataba o entroido.

O ENTROIDO EN COIRO

Juan Manuel Entenza Giráldez – 8º A

C. P. Castrillón - Coiro

Os primeiros entroidos celebrábanse no adro. Alí facíase a Corrida do Galo. O Galo poñíase nunha vara atado polas patas e varia xente que lle quería dar para matalo tiña que pagar por cada tirada. Levaban os ollos vendados e cun machado intentáballe dar e matalo. O que lle daba levábo como premio, e a maioría da xente que o gañaba, facía unha caldeirada con el.

Había tamén o chamado Papamoscas que era unha táboa cuns dentes, e cando tiraban dunha corda, abría e pechaba a boca. Despois uns homes con cabalos facían o entroido enriba dos

cabalos. Iso era no adro. Tamén se facían fillores nun penico sen estrear e un caldo coas cacheiras do porco.

O martes de Entroido ás dúas da tarde xa estaba o adro cheo de xente ata non poder máis, tanta xente que habían non se podía mover nin un centímetro. Había os chamados Sagalos e Mascariñas. As rapazas vestían un sombreiro chato, cunhas blusas brancas cunhas mangas longas e con puntillas. Tiñan moitos lazos e levaban colares, perlas de diferentes cores.

Os rapaces ían vestidos de farroupeiros con sacos de roupa vella xa que o día antes do entroido subían ao faiado e collían a roupa dos seus avós e bisavós, e tamén collían un corcho e queimábano para pintar despois a cara.

Había entroidos en Parada, na Casa de Barca e en Verín. O mércores de Cinza escaldábase as olas do caldo do martes de entroido e facíase caldo de castañas secas.

No 1933 había Comparsas que ían por Coiro facendo Murgas e levaban un home cun bombo e un director de música que ata lle fixeran, parece ser os do Castrillón ou de Verín, unha canción a un cura. Tamén se facían as Cornetamas ás viúvas/os que casaban por segunda vez. No ano 35 saíu unha das murgas máis famosas de Coiro cunha letra que dicía así: Verín no es español / de tanto que está olvidado / allí donde trabaja el arado / y el hombre de sol a sol".

Dende o ano 36 ao 39 non houbo Carnaval por culpa da Guerra Civil. Do ano 39 en adiante os entroidos facíanse coa cara descuberta e ás escondidas porque se che miraba a Garda Civil coa cara tapada tiñas que darlle explicacións, senón levábante ao cuarteliño. Houbo un ano en que un home de A Retirosa subiu ata Parada levando detrás de si a todos os rapaces por onde pasaba. Levaba unha cacheira ao lombo e un pelexo de coello metido nunha vara. Daquela o entroido xa era en Parada.

O ENTROIDO DE PARADA

M^a Carmen Currás – 7^o A

C. P. Castrillón - Coiro

Fai trinta e algo de anos o entroido celebrábase en Parada. Tiñan un santo de madeira cunha andia . O santo chamábase "Santo Entroido". Poñíanlle un pitillo na boca e tiña un cordel que tiraban por el e o santo saudaba.

Había moitos disfraces, algún facía como un paragüeiro con roda, outro de perruqueiro (cunha silla ía cortando o pelo), outros con tesouras de podar, a pelica era de pel de ovella. Tamén había un señor que se disfrazaba de labrego. Tiña dous cans a tirar polo carro.

No domingo despois do entroido celebrábase a Corrida do Galo que consistía que polos arredores da actual tenda de Carme colocaban uns paus para suxeitar o galo e un señor cun serrucho, cos ollos vendados, tiña que cortarlle o cordel das patas.

(Publicado en "Coiro 95. Festas Patronais de San Salvador e San Antonio. 1995)